

1



Ollos abertos

Necesitamos a alguén que nos guíe

En todos os grupos e reunións é necesario alguén que dirixa e guíe.



■ Como funcionan os grupos

| En... | Se... | ¿Que sucede? | Fai falla o... | ¿Para que? |
|-----------------------------|--|--------------|----------------|------------|
| Nun equipo de fútbol | Se todos os xogadores queren mandar e dirixir... | | | |
| Nun coro ou nunha orquestra | Se cada cantor ou músico canta ou interpreta a súa propia melodía sen contar cos outros... | | | |
| Nunha clase | Se todos queren programar e organizar o curso, as materias que se han de dar, os exames que se han de facer... | | | |
| Nunha empresa | Se cada un quere determinar a obra que se vai realizar, os materiais que se van utilizar... | | | |




Mirada penetrante

Os pais cóidannos

Son moitas as persoas que nos orientan e axudan. Pero sobre todo os nosos pais guíannos e coidan de nós.

- Os pais, polo gran amor que teñen aos seus fillos...

| |
|--|
| |
| |
| |
| |
| |
| |



- ▶ ¿Que valoro máis do que fan os meus pais por min?
- ▶ ¿Como debo responder eu?



Oídos atentos

Confiamos en Deus, que nos cuida e guía

Deus, que deu vida a todas as cousas por amor, non as abandona: séguelas cuidando con todo cariño e vainas conducindo, para que o mundo e as persoas sexan cada vez máis perfectos.

■ 1 ■



- El a todos dá vida e alento. (Feit 17,25)
- Deus consérvanos a vida. (Sal 66,9)
- Ti amas a todos os seres... ¿Como podería algo subsistir se Ti non o queres, ou conservarse o que Ti non chamas? (Sab 11,24-26)
- Botade sobre Deus todas as vosas ansias que El cuida de vós. (1 Pe 5,7)

■ 2 ■



- Nas mans de Deus está o goberno do mundo. (Eclo 10,4)
- O Señor vén para rexer a terra. Rexerá o mundo a xustiza. (Sal 96,13)
- Sabemos que todo colabora para o ben dos que aman a Deus. (Rom 8,28)



Díxolles Xesús:

-Por isto dígovos: non andedes agoniados pola vosa vida, (o que ides comer o que ides beber); nin polo voso corpo, (o que ides vestir)... Ollade para as aves do ceo, nin sementan, nin seituran, nin recollen nas arcas, e con todo, son mantidas polo voso Pai celestial. ¿Non valedes vós máis ca elas?... Aprendede dos lirios do campo, como medran e non traballan nin fían... ¿Non fará máis por vós, homes de pouca fe? Por todas esas cousas andan angustiados os pagáns. O voso Pai celestial xa sabe que as precisades. (Mt 6,25-33)

► Con axuda dos textos bíblicos anteriores, completa as palabras desta táboa:

| ¿Que fai Deus por nós e polo mundo? | ¿Cal ha de ser a nosa actitude ante Deus? |
|---|---|
| Cr _ a, _ m _ , c _ _ d _ , c _ n s _ r v _ , g _ b _ r n _ , _ r d _ n _ , p _ r f _ c c _ _ n _ . | _ g r _ d _ c _ r c _ n f _ _ r, _ b _ d _ c _ r. |



Memoria esperta

A Providencia

A Igrexa chama Providencia a este coidado amoroso que Deus tén de todas as cousas; ela invítanos a confiar sempre na bondade de Deus que nos guía.

- **¿Coida Deus de todas as cousas que creou?** *con sabedoría e amor a todas as criaturas cara á perfección á que as destinou. (cf CEC 302, 321)*
- **¿Podemos colaborar nós coa Providencia de Deus?**
- **¿Que significa que Deus é Señor de todo o creado?**
El é o único Señor de todo o que existe e vive... Por iso afirmamos que soamente Deus goberna de verdade o universo e a historia dos homes. (ENF p. 110)
- **¿A que lle chamamos Providencia?**
Xesús pide un abandono filial na Providencia do Pai celestial que coida das máis pequenas necesidades dos seus fillos. (CEC 305)



Mans activas

Mellorar o mundo

Deus fíxonos colaboradores seus na tarefa de coidar e ir perfeccionando todo o que El creou.



| Para mellorar | Propostas |
|--|-----------|
| – A orde e a convivencia cidadá... | |
| – A distribución das riquezas... | |
| – A xustiza e defensa dos pobres... | |
| – As condicións de traballo... | |
| – A atención aos enfermos... | |
| – A educación dos nenos e mozos... | |
| – O medio ambiente... | |
| – As relacións entre as nacións... | |
| – A práctica dos deportes... | |
| – A atención á familia... | |
| – A saúde e a alimentación... | |
| – A vivenda e os medios de comunicación... | |
| – A atención aos anciáns e diminuídos... | |

- ▶ Todos podemos contribuír a que o mundo mellore. ¿Que podes facer ti agora?
- ▶ Ademais de todo iso, debes prepararte ben para que, cando sexas adulto e teñas unha profesión, colabores máis activamente na tarefa de perfeccionar a sociedade na que vivas.